

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****PARLAMENTO DE GALICIA**

RESOLUCIÓN do 20 de xuño de 2016 pola que se anuncia a licitación da contratación administrativa para a subministración sucesiva e por prezo unitario de bens consumibles.

En cumprimento do disposto no artigo 142 do texto refundido da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, publícase o anuncio de licitación da contratación administrativa para a subministración sucesiva e por prezo unitario de bens consumibles.

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Parlamento de Galicia.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Persoal e Réxime Interior.

c) Obtención de documentación e información.

1º. Dependencia: Parlamento de Galicia (dispoñible no BOPG núm. 660, do 16 de xuño de 2016 e na páxina www.parlamentodegalicia.gal).

2º. Enderezo: r/ Hórreo, 63.

3º. Localidade e código postal: Santiago de Compostela 15701.

4º. Teléfono: 981 55 13 00.

5º. Telefax: 981 55 14 09.

6º. Correo electrónico: contratacion@parlamentodegalicia.gal

7º. Enderezo da internet do perfil de contratante: www.parlamentodegalicia.gal

8º. Data límite de obtención de documentación e información: 15 días naturais a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no DOG.



d) Número de expediente: DRRHH-PA-3/2016.

2. Obxecto do contrato.

a) Tipo: subministración.

b) Descrición: subministración sucesiva e por prezo unitario de bens consumibles.

c) División por lotes e número de lotes: tres: lote 1 (material de oficina); lote 2 (material de imprenta); lote 3 (material informático).

d) Lugar de execución:

1º. Enderezo: r/ Hórreo, 63.

2º. Localidade e código postal: Santiago de Compostela 15701.

e) Prazo de execución: un ano desde a súa formalización.

f) Admisión de prórroga: ata un máximo doutro ano máis.

g) CPV (referencia de nomenclatura): 30192000 artigos de oficina; 22458000 impresos por encargo; 30125100-2 cartuchos de tóner.

3. Tramitación e procedemento:

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

c) Criterios de adxudicación: criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor:
a. Valor técnico da oferta (de 0 a 42 puntos); b. Melloras (de 0 a 6 puntos). Criterios avaliables de forma automática por aplicación de fórmulas: prezo (de 0 a 52 puntos).

4. Valor estimado do contrato: 92.816,64 € (sen IVE).

5. Orzamento base de licitación:

a) Importe neto: 46.408,32 €. Importe total: 56.154,07 €.



6. Garantías.

a) Provisional: non se exige.

b) Definitiva: 5 % do prezo de adxudicación.

c) Complementaria: no caso de que o licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa conforme os criterios de valoración, estando en baixa anormal ou desproporcionada, xustifique debidamente o importe ofertado, terá que constituír unha garantía por importe do 5 % do prezo de adxudicación, IVE excluído.

7. Requisitos específicos do contratista.

Os dispostos nas cláusulas quinta e sexta do prego de cláusulas administrativas, e nas correspondentes do prego de prescricións técnicas.

8. Presentación de ofertas:

a) Data límite de presentación: 15 días naturais a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no DOG. Se o último día da presentación fose festivo, ampliarase o prazo ata o día hábil seguinte.

c) Lugar de presentación:

1º. Dependencia: Rexistro do Parlamento de Galicia.

2º. Enderezo: r/ Hórreo, 63.

3º. Localidade e código postal: Santiago de Compostela 15701.

4º. Enderezo electrónico: contratacion@parlamentodegalicia.gal

d) Admisión de variantes: non se admiten.

e) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a manter a súa oferta: tres meses desde a terminación do prazo de presentación de ofertas.

9. Apertura das ofertas.

a) Descrición: sesión pública, sobres B e C.



b) Enderezo: r/ Hórreo, 63.

c) Localidade e código postal: Santiago de Compostela 15701.

d) Data e hora: no día e hora que oportunamente se comunicará a licitadores e se publicará na páxina web do Parlamento de Galicia.

10. Gastos de publicidade: inserción do anuncio no DOG, por conta do adxudicatario.

11. Outras informacións: nos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas (publicados no BOPG núm. 660, do 16 de xuño de 2016 e na páxina www.parlamentodegalicia.gal).

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2016

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente do Parlamento de Galicia

CVE-DOG: 3ktah3o0-dyw2-yij1-ijg8-0p4kchrksko2

